



BASES DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2019

1. O **CAMPAMENTO DE VERÁN** é unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende non só ocupar o tempo de lecer dos nosos cativos, senón permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. O Campamento de Verán está **DIRIXIDO** a nenos e nenas con idades comprendidas entre 3 e 12 anos (ambos inclusive).

3. O **SERVIZO** desenvolverase entre o 1 de xullo e o 31 de agosto nas instalacións do CPI de Pontecesures situado na rúa Avelino Pousa Antelo, 2 – Pontecesures.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO** @s nen@s empadroad@s **(1)** no Concello de Pontecesures ata o máximo de prazas (60). Eventualmente, se non se cubren as prazas (60), poderán inscribirse nen@s non empadroad@s en Pontecesures, que ata o final do prazo de inscrición formarán parte da lista de espera. Os prezos de inscrición por quenda (quincena) serán:

Nº irmáns	Empadroad/a	Non empadroad/a
1º neno/a	0 €	25 €
2º neno/a	0 €	20 €
3º neno/a	0 €	18 €
4 e seguintes	Gratis	Gratis

(1) A condición de empadramento deberá ser anterior ao 19 de xuño de 2019 (data de inicio do prazo de inscrición).

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 09:30 a 13:30 horas. Os nenos e nenas terán que ser entregados entre as 09:30 e as 10:00 h e recollidos entre as 13:00 a as 13:30 horas.



6. As **QUENDAS**, quedan distribuídas do seguinte xeito (DE LUNS A VENRES):

- ↳ Primeira quenda. Do 1 ao 15 de xullo.
- ↳ Segunda quenda. Do 16 ao 31 de xullo.
- ↳ Terceira quenda. Do 1 ao 15 de agosto.
- ↳ Cuarta quenda. Do 16 ao 31 de agosto.

7. **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 60 usuarios por quenda. No caso de haber máis solicitudes que prazas poderase ampliar esta cifra. Para que o servizo se leve a cabo deberá haber un número mínimo de 15 solicitudes por quenda .

8. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.

A petición de admisión no servizo realizarase cubrindo a ficha de inscrición e aportando a documentación que se require en dita solicitude que poderán recoller nas dependencias do Concello de Pontecesures sita na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 564 410 en horario de 9 a 14h onde se lle indicará a forma de pago.

9. PRAZO DE INSCRICIÓN.

O prazo de inscrición para as quedas do mes de xullo será do **19 ao 27 de xuño**.

O prazo de inscrición para as quedas do mes de agosto será do **1 ao 23 de xullo**.

Poderá facerse dende o primeiro día a inscrición para todo o Campamento.

10. FORMA DE PAGO (Nen@s non empadroad@s da lista de espera).

Farase unha vez finalizado o prazo de inscrición, cando se conceda a praza definitivamente. O pago realizarase por transferencia ou ingreso no número de conta que se indicará no momento da concesión da praza, especificando o nome do usuario e a quenda na que participa. Deberase entregar o resgardo do ingreso para adxuntarllo a folla de inscrición.